



## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE VEDRA PARA SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NA NAVE DA ESTACIÓN, ESPAZO ESCÉNICO E MUSICAL.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Vedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Vedra para a substitución de cuberta na Nave da Estación, Espazo Escénico e Musical.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Vedra conta cun novo proxecto que pretende dotar dunha nova identidade cultural e visual ao espazo da estación, para que se converta nun lugar de referencia para veciños e veciñas do concello, pero tamén para os habitantes da comarca que queiran crear novas identidades de pertenza. Esta iniciativa ten como obxectivo incrementar a actividade cultural no territorio e activar procesos culturais, tratando de afondar nos vínculos individuais e sociais do rural; reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural como ferramenta de cambio, dinamización e transformación social; promover a inclusión e a estimulación da participación cidadá activa na actividade cultural.*

*Por todo o anterior, o concello de Vedra é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

